

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 14 DE MARZO DE 2019.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E CINCO MINUTOS** do día **CATORCE DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Excusa súa asistencia: **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**

Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **EXPTE. 2531/2018. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, DAS OBRAS “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019 - PLAN CONCELLOS 2019 (ANUALIDADE 2019)”**
- 2º.- **EXPTE. 2403/2018. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, DAS OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE E SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE CENTRO SOCIAL DE MAIORES DE SILLEDA (DEPO-REMSE)”.**

1º.- EXPTE. 2531/2018. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, DAS OBRAS “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019 - PLAN CONCELLOS 2019 (ANUALIDADE 2019)”.

ANTECEDENTES:

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 10 de xaneiro de 2019 acordouse:

“PRIMEIRO: APROBAR o expediente de contratación, por procedemento aberto, das obras de MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019 - PLAN CONCELLOS 2019 (ANUALIDADE 2019), cun orzamento base de Licitación de:

O valor estimado do contrato ascende á contía de 404.431,03 € euros (IVE excluído); (o IVE ascende a 84.930,52 €).

SEGUNDO.- A adxudicación deste contrato queda condicionada á existencia de crédito orzamentario do exercicio 2019

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que constan no expediente 38/2019 de Gestiona.”

Visto que publicado anuncio de licitación presentáronse ofertas por parte de:

- Nexia Infraestructuras, S.L.U.
- Construcciones Rafer, S.L.
- Endenor Mantenimiento y Servicios, S.L.

- Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (Marconsa)

Visto o informe técnico emitido polo enxeñeiro de camiños, Román Gómez Fraiz, de data 28 de febreiro de 2019.

Vista a Acta da Mesa de Contratación, celebrada o día 28 de febreiro de 2019, na que se sinala:

*“De acordo co disposto na cláusula décimo terceira do Prego, se considera que a plica de **MARCONSA S.L.** está incurso en presunción de anormalidade segundo os criterios sinalados no art. 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos e 149.4 da Lei de Contratos do Sector Público, polo que **se lle concede un prazo de 5 días** para que poidan presentar unha xustificación axeitada das circunstancias que lles permitan executar dita oferta nesas condicións -servindo coma medio de notificación publicación no Perfil do Contratante da paxina Web e no da administración electrónica/Gestiona-, que **remata o venres 8 de Marzo as 1400 horas.**”*

Visto que, pola empresa Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (Marcomsa), presenta escrito con rexistro de entrada n.º 2019-E-RE-62, de data 08 de marzo de 2019 (10:43 h) sobre xustificación da baixa presentada na súa oferta.

Visto que reunida a Mesa de Contratación, celebrada o 12 de marzo de 2019, acordouse desestimar a declaración temeraria presentada por Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (Marcomsa), por non quedar aclarada a xustificación das circunstancias que lle permitan executar a obra nas condicións ofertadas.

Unha vez realizada a valoración das ofertas presentadas, o resultado é o seguinte:

“ $P_i = P_{max} [(T \text{ Tipo de licitación} - O_i) / (T \text{ Tipo de licitación} - O_M)]$ ”

P_i: Puntuación da oferta i

P_{max}: Puntuación máxima deste criterio.

O_i: Oferta i

O_M: Oferta máxima

Cando exista unha baixa non temeraria igual a un 20% se tomará dito importe como O_M, en caso contrario O_M= Tipo de licitación x0,8

Puntuación 10,00
Tipo 404,431,03 323.544,82

	Oferta económica.	Oferta económica sobre B	Proxecto Técnico do Servizo	Melloras	TOTAL
	Tipo licitación 404.431,03 + IVE	(10 puntos)	(50 puntos)	(40 puntos)	
Nexia Infraestructuras, S.L.U.	352.825,69 €	6,38	41	40	87,38
Endenor Mantenimiento y Servicios, S.L.	395.129,11 €	1,15	12	17	30,15

	Oferta económica.	Oferta económica sobre B	Proxecto Técnico do Servizo	Melloras	TOTAL
Construcciones Rafer, S.L.	351.855,00 €	6,50	43,50	40	90,00
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (Marconsa)	300.025,68 €	Baixa temeraria		40	

Polo exposto a Mesa de Contratación propón ó órgano de contratación a adjudicación da obra **"MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019 - PLAN CONCELLOS 2019 (ANUALIDADE 2019)"** a empresa CONSTRUCCIONES RAFER, S.L., por presentar a oferta mais ventaxosa para o Concello.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo de 2019 acordouse:

Primeiro.- ACEPTAR a proposta realicada pola Mesa de Contratación de data 12 de marzo de 2019, en relación a contratación da obra por procedemento aberto de **"MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019 - PLAN CONCELLOS 2019 (ANUALIDADE 2019)"**, na que se propón para a contratación a empresa **CONSTRUCCIONES RAFER S.L.**, polo prezo de 351.855,00 € + IVE (73.889,55 €), así como as melloras incluídas na oferta.

Segundo.- Requirir a empresa **CONSTRUCCIONES RAFER S.L.** para que, segundo establece as cláusulas décimonovena (requerimento de documentación) do Prego de Cláusulas Administrativas para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, así como de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Terceiro.- Dacordo co establecido na cláusula vixésima (garantía definitiva) do Prego de Cláusulas Administrativas, a empresa proposta deberá acreditar a constituición da garantía dun 5% do importe de adjudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Cuarto.- Nomear Director da obra ó Enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos, Dº Román Gómez Fraiz, autor do proxecto.

Quinto.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante."

Visto que mediante escrito con Rexistro de Saida 2019-S-RE-59, de data 13 de marzo de 2019 requírese ó licitador que presentou a oferta economicamente máis ventaxosa que presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, así como de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2, e de constituír a garantía definitiva dun 5% do importe de adjudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no artigo 153 LCSP.

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 2019-E-RE-70 e 2019-E-RC-1009, ambos de data 14 de marzo de 2019 o candidato CONSTRUCCIONES RAFER S.L. constituíu a

garantía definitiva polo importe de 17.592,75 €, mediante aval de "Asefa S.A. Seguros y Reaseguros", de data 13 de marzo de 2019, n.º 53264/01/41/2019/1077, ademais dos documentos xustificativos esixidos.

Visto o informe de Intervención n.º 021/2019, de data 14 de marzo de 2019.

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Adxudicar definitivamente á empresa CONSTRUCCIONES RAFER S.L. o contrato de **MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019 - PLAN CONCELLOS 2019 (ANUALIDADE 2019)**, nas condicións do expediente aprobado por acordo desta Xunta de Goberno Local do 10 de xaneiro de 2019 e o acordo adoptado na sesión do 12 de marzo de 2019, sendo o **Prezo de Adxudicación: 425.744,55 €**. O prezo certo queda desagregado nun valor de 351.855,00 € e no IVE 73.889,55 €.

2º.- EXPTE. 2403/2018. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS "MELLORA DA MOBILIDADE E SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE CENTRO SOCIAL DE MAIORES DE SILLEDA (DEPO-REMSE)".

ANTECEDENTES:

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 10 de xaneiro de 2019 acordouse:

"PRIMEIRO: APROBAR o expediente de contratación, por procedemento aberto, das obras de MELLORA DA MOBILIDADE E SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE CENTRO SOCIAL DE MAIORES DE SILLEDA, cun orzamento base de Licitación de:

O valor estimado do contrato ascende á contía de 411.893,95 € euros (IVE excluído); (o IVE ascende a 86.497,73 €).

SEGUNDO.- A adxudicación deste contrato queda condicionada á existencia de crédito orzamentario do exercicio 2019

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato."

Visto que publicado anuncio de licitación presentáronse ofertas por parte de:

- Nexia Infraestructuras, S.L.U.
- Construcciones Caldevergazo, S.L.
- Endenor Mantenimiento y Servicios, S.L.
- Construcciones Taboada y Ramos, S.L.
- Obras, Reformas y Saneamientos, S.L. (ORES)
- Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (Marconsa)
- Narom, S.L.

Visto o informe técnico emitido polo enxeñeiro de camiños, Román Gómez Fraiz, de data 28 de febreiro de 2019.

Vista a Acta da Mesa de Contratación, celebrada o día 28 de febreiro de 2019, na que se sinala:

*“De acordo co disposto na cláusula décimo terceira do Prego, se considera que aplica de **NARON S.L.** está incurso en presunción de anormalidade segundo os criterios sinalados no art. 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos e 149.4 da Lei de Contratos do Sector Público, polo que **se lle concede un prazo de 5 días** para que poidan presentar unha xustificación axeitada das circunstancias que lles permitan executar dita oferta nesas condicións -servindo coma medio de notificación a publicación no Perfil do Contratante da paxina Web e no da administración electrónica/Gestiona-, que **remata o venres 8 de Marzo as 1400 horas.**”*

Visto que, no prazo concedido non se presenta xustificación pola empresa Narom, S.L..

Visto que reunida a Mesa de Contratación, celebrada o 12 de marzo de 2019, pola mesmo procédese a valoración das ofertas presentadas, o resultado é o seguinte:

“ $P_i = P_{max} [(Tipo\ de\ licitación - O_i) / (Tipo\ de\ licitación - OM)]$ ”

P_i: Puntuación da oferta i

P_{max}: Puntuación máxima deste criterio.

O_i: Oferta i

OM: Oferta máxima

Cando exista unha baixa non temeraria igual a un 20% se tomará dito importe como OM, en caso contrario OM= Tipo de licitación x0,8

Puntuación 10,00
Tipo 411,893,95 329.515,16

	Oferta económica.	Oferta económica sobre B	Proxecto Técnico do Servizo	Melloras	TOTAL
	Tipo licitación 411.893,95 + IVE	(10 puntos)	(50 puntos)	(40 puntos)	
Nexia Infraestructuras, S.L.U.	364.279,01 €	5,78	40	40	85,78
Endenor Mantenimiento y Servicios, S.L.	377.678,65 €	4,15	14,50	40	58,65
Narom, S.L.	315.387,20 €	Baixa temeraria	36	40	
Construcciones Caldevergazo, S.L.	358.512,40 €	6,48	41	40	87,48
Construcciones Taboada y Ramos, S.L.	364.938,00 €	5,70	45	40	90,70
Obras, Reformas y Saneamientos, S.L. (ORESA)	362.054,78 €	6,05	35	40	81,05
Movimiento de Áridos y Construcciones	388.092,07 €	2,89	42	40	84,89

	Oferta económica.	Oferta económica sobre B	Proxecto Técnico do Servizo	Melloras	TOTAL
de Arosa, S.L. (Marconsa)					

Polo exposto a Mesa de Contratación propón ó órgano de contratación a adxudicación da obra "MELLORA DA MOBILIDADE E SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE CENTRO SOCIAL DE MAIORES DE SILLEDA" a empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., por presentar a oferta mais ventaxosa para o Concello.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo de 2019 acordouse:

Primeiro.- ACEPTAR a proposta realicada pola Mesa de Contratación de data 12 de marzo de 2019, en relación a contratación da obra por procedemento aberto de "**MELLORA DA MOBILIDADE E SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE CENTRO SOCIAL DE MAIORES DE SILLEDA**", na que se propón para a contratación a empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.**, polo prezo de 364.938,00 € + IVE (76.636,98 €), así como as melloras incluídas na oferta.

Segundo.- Requirir a empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.** para que, segundo establece as cláusulas décimonovena (requerimento de documentación) do Prego de Cláusulas Administrativas para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, así como de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Terceiro.- Dacordo co establecido na cláusula vixésima (garantía definitiva) do Prego de Cláusulas Administrativas, a empresa proposta deberá acreditar a constituición da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Cuarto.- Nomear Director da obra ó Enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos, Dº Román Gómez Fraiz, autor do proxecto.

Quinto.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante."

Visto que mediante escrito con Rexistro de Saida 2019-S-RE-63, de data 13 de marzo de 2019 requírese ó licitador que presentou a oferta economicamente máis ventaxosa que presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, así como de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2, e de constituír a garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no artigo 153 LCSP.

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 2019-E-RE-69 e 2019-E-RC-1010, ambos de data 14 de marzo de 2019 o candidato CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. constituíu a garantía definitiva polo importe de 18.246,90 €, mediante aval de "Asefa S.A. Seguros y

Reaseguros”, n.º 38495/01/41/2019/1076, de data 13 de marzo de 2019, ademais dos documentos xustificativos esixidos.

Visto o informe de Intervención n.º 022/2019, de data 14 de marzo de 2019.

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Adxudicar definitivamente á empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L. o contrato de **MELLORA DA MOBILIDADE E SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE CENTRO SOCIAL DE MAIORES DE SILLEDA**, nas condicións do expediente aprobado por acordo desta Xunta de Goberno Local do 10 de xaneiro de 2019 e o acordo adoptado na sesión do 12 de marzo de 2019, sendo o **Prezo de Adxudicación: 441.547,98 €**. O prezo certo queda desagregado nun valor de 364.938,00 € e no IVE 76.636,98 €.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as doce horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 14 de marzo de 2019

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.
Asdo. David García Lareo